secundada pelo núcleo galeguista da Galiza, como se evidencia nos textos editoriais de *Nós* (Loureiro, 2006: 35). Em 1933, as críticas de Lapa ao sistema educativo (realizadas numa conferência em que não deixa de aparecer o caso galego e o problema ortográfico), provocam a rescisão do seu contrato de professor. Ganhará concurso para a entrada na Faculdade de Letras de Lisboa, mas o regime de Salazar insere-o na 1ª lista censória do funcionalismo público português e será expulso em 1935. Dedicado agora à *Seara Nova*, coordena o nº 425 dedicado ao centenário de Eduardo Pondal, onde colaboram escritores galegos e, à morte de Castelao, Lapa apressa-se a dedicar-lhe um quádruplo número da *Seara Nova*. Escreve uma comovida dedicatória em que manifesta as suas afinidades e recorda a ideia do reencontro galego-português como uma das teses que partilham (Loureiro, 2006: 39).

4.- Manuel Maria encontra em Coimbra um Rodrigues Lapa já retornado do Brasil, onde não se tinha esquecido da Galiza nos trabalhos e artigos publicados, onde tinha dedicado inclusive cursos a temática galega –sobre contistas contemporâneos e sobre poetas modernos. Ao retorno definitivo em 1962, Lapa é imediatamente detido, mas «solto na mesma data por ordem da Secção Central, por pedido de captura publicado na O. S. 4/62, ter deixado de interessar», segundo consta na ficha da PIDE (Loureiro, 2006: 41). Também retornara à Galiza, em 1963, para dar uma conferência na inauguração da Biblioteca Penzol, e em 1964, para leccionar um curso na universidade compostelana; e já Galaxia lhe tinha dedicado na altura o nº 4 da recentemente estreada *Grial*, onde Fernández del Riego (com o pseudónimo de Salvador Lorenzana) explica trajetória e ideias, às que adere, num extenso artigo. Ao retorno em Lisboa, Lapa escreve de novo, sobre Castelao. Eis, pois, o contexto em que se produz o mencionado encontro da Universidade de Coimbra, que explica também a acolhida de respeito e entusiasmo que brindam a Lapa os estudantes, pois a figura intelectual do professor tem já prestígio mundial, e é associada ao pensamento democrático, algo que muito admira a Manuel Maria,

Fun dar recitais por todo Portugal cando unha editora do Porto publicou *Auto Escolla Poética de Celso Emilio Ferreiro e 99 poemas de Manuel María*. Foi comigo o editor, Arsenio Mota, e o Pintor Pousa. Pasamos vinte días inesquecibles. Daquilo, o que recordo con especial emoción foi que na presentación de Coimbra, os estudantes puxéronse de pé e adicáronlle unha ovación cerradísima a Manuel Rodrigues Lapa, que entraba no momento de començar o acto. Alí foi onde eu o coñecín. Noutra viaxe fixémoslle unha visita o Lois, a Saleta e mais eu. Rodrigues Lapa estaba moi interesado polos problemas do idioma e, sobre todo, tiña unha ansia tremenda de saber o que era ETA. Pedíume unha serie de información sobre ETA, que non lle puiden dar. (Del Caño, 1990: 108)

Rodrigues Lapa ainda teve a generosidade de dar à editorial Galaxia, em 1965, a 1ª edição crítica completa de toda a poesia de escarnho e mal-dizer, com vontade explícita de «refazer a unidade espiritual da nossa grei» (Lapa, 1975: 47). É um Rodrigues Lapa que se preocupa pela Galiza, por ele considerada raiz da cultura portuguesa, e assim desde a década de trinta, entrando em contacto com o galeguismo cultural e político, apoia desde muito cedo



[Fig. 13] CAPA E CONTRA-CAPA DE *ODES NUM TEMPO DE PAZ E DE ALEGRIA*, PUBLICADO NO PORTO EM 1972, QUE APRESENTA MANUEL MARIA COMO «UM POETA NA PUJANÇA DA SUA CARREIRA», «UMA DAS VOZES MAIS IMPORTANTES E COMPROMETIDAS NA GALIZA LITERÁRIA DE HOJE».

a tese de que a salvação da cultura e a língua galega passa por identificar-se com o português. Manuel Maria é o escritor galego de maior difusão no Portugal da altura, mas estava ligado à luta política clandestina no bando da UPG e em relação com o PCP (Loureiro, 2006: 44). Rodrigues Lapa, que não era comunista, sabia seguramente mais de Manuel Maria, da cultura galega e da relação de poder entre os campos culturais, do que o poeta chairego, e o encontro entre ambos, ainda que reincidente (Manuel Maria estaria também em Anadia em 1973, Cf. Fig. 12), talvez não foi aprofundado pelos receios políticos de Lapa e porque o activismo deste se movia no nível académico e das elites culturais.

Manuel Maria publica imediatamente em Portugal, em 1974, outros dois livros (cf. Fig. 13), que o apresentam com «um poeta na pujança da sua carreira», «uma das vozes mais importantes e comprometidas na Galiza literária de hoje»<sup>8</sup>, e lhe permitem ampliar os contactos portugueses:

Mais tarde publicáronse en Portugal *Odas nun tempo de paz e ledicia* e *Os soños na gaiola*. No ano 73 ou 74 recibín unha invitación do Centro Internacional de Idiomas, de Lisboa, para darlle un cursiño a licenciados en portugués e profesores de liceo. Alí coñecín

<sup>8</sup> Segundo a contra-capa de *Odes num tempo de paz e de alegria*. O outro livro é *Sonhos na gaiola*, editado pelos Serviços Sociais dos trabalhadores da C. G. D. em 1977 (versão do mesmo título que tinha sido editado em 1968).



ó doutor Francisco José Velozo, co que teño unha gran amizade. O Antón da Ponte, de Ourense, contoume que a última vez que foi Otero a Lisboa só visitou a Francisco José Velozo. Este señor estivo de xuíz en Braga, tivo moito que ver coa revista *Catro Ventos*, paréceme que chegou a ser presidente do Tribunal Supremo de Portugal e tamén foi presidente da Asociación da Lingua Portuguesa. (Del Caño, 1990: 108)

Tinha publicado na *4 Ventos* de Braga o *Auto do Taberneiro*, e aparecen aínda em Portugal traballos críticos<sup>9</sup> e varias obras, como a 1ª edición do *Laio e cramor pola Bretaña*. Lisboa, a cidade que non é unha cidade, porque é a cidade, como cantará posteriormente (no poema que leva esse nome no libro de 1985, *O camiño é unha nostalxia*), foi percorrida da man do novo amigo lisboeta acima referido:

Francisco José Velozo ensinounos Lisboa case pedra a pedra. Foi unha maravilla. Tivemos moitos contactos con xornalistas e co doutor Pedro Cabo Fernández, que era presidente da SONAP, a CAMPSA portuguesa. Este señor descendía de galegos. Leváronnos á casa de Sofía Melo, a poetisa portuguesa, e asistimos alí a unha xuntanza literaria moi requintada, incluso había escritores que falaban en francés. Entre os asistentes estaba Carlos Oliveira, que morreu moi axiña. Co doutor Cabo Fernández descubrimos un pouco Lisboa *la nuit*: casas de fados e lugares de espectáculos. Aqueles foron uns días inolvidables. Logo fun a un congreso, ó lado de Setúbal, onde coñecín a Saramago. Outras veces teño ido convidado pola Asociación de Escritores Portugueses e pola Sociedade de Autores Portugueses. Estiven no Teatro Gil Vicente, de Coimbra, e na Universidade, levado polos estudantes. Falei na Universidade de Lisboa e na do Miño, en Braga... (Del Caño, 1990: 108)

Francisco José Velozo vai recordar esta amizade no seu contributo á homenage tributada a Manuel Maria, significativamente intitulada «A Galeguidade Portuguesa» (Velozo, 2001: 571-574), e a ele (e «Ao Gualter Póvoas») dedicará o propio Manuel Maria, no libro já citado, *O camiño é unha nostalxia*, outro poema com o título repetido de «Portugal», dedicatória que non está presente quando o texto se publica na revista *Nordés* em 1982 (Manuel Maria, 1982a: 13). Nestas visitas a Portugal, onde Manuel Maria, como afirma Velozo, «o grande viajante espiritual achou-se em casa, sem esforço, por nunca se ter desprendido do substrato nativo» (Velozo, 2001: 572), não só conhece, enfim, intelectuais e escritores, como Saramago, mas passa até pela televisão portuguesa (cf. Fig. 14). Contudo, a vida de Manuel Maria, como ser humano e como poeta, desenvolve-se prioritariamente ligada à Galiza, cuja história acompanha na fase intensa de debate linguístico que agora se abre, também de encruzilhada fundamental para a chamada Literatura Galega, após a ditadura.

<sup>9</sup> Referidos a Xosé Crecente Vega (na revista *Biblos*, de Coimbra, em 1968) e à poesia galega de pós-guerra (na revista *Lingua e Cultura*, de Lisboa, em 1972).



[Fig. 14] FOTOGRAFIA DE MANUEL MARIA ENTREVISTADO NA TELEVISÃO PORTUGUESA, 1974 (FONTE DEL CAÑO, 1990).

A chegada da «Autonomia» coincidiu com a aparição de um mercado de consumo ligado ao ensino em galego, mercado simultaneamente ligado a uma norma ortográfica, que logicamente afectou os utentes directos que os escritores eram. Nesses anos, os incipientes organismos oficiais, emanados da estrutura estatal espanhola, tentaram e conseguiram instaurar legalmente para a escrita um código separado do português. Quem acatou esse código separado do português e próximo do espanhol, com inibição grave no problema da língua galega e da sua ortografia, participou do novo-riquismo; quem não acatou, começaria a passar para uma perigosa reserva, com risco de ficar inédito ou como muito exótico, um risco que Manuel Maria não parece temer num princípio – apesar de não ser um intelectual e estar ligado aos ditados da UPG em matéria política e cultural. O desencontro trágico entre as forças de ambas as polaridades, em que não estava comprometida unicamente a literatura, corresponde a duas estratégias gerais mais amplas, como já sabem, a que pretende afastar o galego do seu sistema, acatando a pseudo-autonomia concedida pelos agentes e grupos que sustentaram o franquismo, e a reintegracionista, que pretende fazê-lo convergir no seu sistema e que agrupa o galeguismo identitário pleno. Os manuais ecoam a história de quem acatou mas dissimulam, quando não escondem, a opinião discordante, como a de Manuel Maria, para quem estava bastante clara a questão:

–¿Que opina do reintegracionismo?

–Estou a favor. Non escribo en reintegrado, porque cando comenzou este movemento eu xa era vello, son algo preguiçoso, e teño uns hábitos de escritura de trinta anos. Pero gustárame que se utilizase a grafía do portugués, conservando o noso propio idioma. A primeira razón na que me baso para dicir isto, é que a grafía portuguesa vaille mellor. En

segundo lugar por diferenciar a ortografia galega da española. E por último, porque isto favorecería tremendamente que tódolos lusófonos puidesen ler ós escritores galegos, sen grandes dificultades. A ortografía parécese unha ponte importante. Xa no ano 54, falando deste problema co poeta catalán, Carles Riba, diciame que se eles tivesen un estado ó lado cunha lingua semellante, como temos nós, farían unha aproximación a el. Isto é esencial. Creo que parte do futuro da nosa lingua e a súa expansión natural está cara a Portugal. O resto da xente do estado español é moi diferente a nós, hai moitos séculos de mentalidade centralista enriba, e eu coido que os escritores de linguas periféricas, en Madrid, non se len nin traducidos. (Del Caño, 1990: 110-111)

Manuel María publica na Galiza de inicios dos anos oitenta dois libros que empregam a ortografía histórica de convergência com as variantes lusas, elaborada nesses anos pola Associação Galega da Língua, e que tinha o precedente das *Directrices* de Martinho Montero Santalha<sup>10</sup>. O famoso «Decreto de bilinguismo» (*BOE* 199 e 200, de 20 e 21 de Agosto de 1979), que estabelecera a possibilidade de incorporar o galego ao sistema escolar, afixando uma série de requisitos que o dificultavam seriamente<sup>11</sup>, provocou intenso debate na altura<sup>12</sup>, com a aparição do modelo normativo que será chamado de «mínimos»<sup>13</sup> e a preparação de uma norma guiada desde o governo autonómico<sup>14</sup>. As elites académicas (e não só) debatem, às vezes com virulência, sobre a viabilidade das normativas que começam a perfilar-se, coincidindo

<sup>10</sup> O título completo é *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa*. O autor tinha dirigido a secção «O idioma» em *A Nosa Terra*, e já antes se tinha manifestado, no número 51 de *Grial*, em favor de uma normativa substancialmente comum com a luso-brasileira para o galego, que deveria ser introduzida de modo progressivo. Sobre este assunto, cf. o trabalho de Diaz Fouces, 2001.

<sup>11</sup> Acordo do Claustro e da APA do Centro, relação do professorado responsável, plano pedagógico-organizativo (com número de alunos, áreas e horários), aprovação por uma Comissão Mixta de representantes da Administração do Estado e do governo autonómico provisório (cf. Diaz Fouces, 2001).

<sup>12</sup> No mesmo mês, durante as *III Xornadas do Ensino* organizadas pela *Asociación Sócio-Pedagóxica Galega* (AS-PG), o Decreto foi analisado e qualificado como «neocolonial e anti-galego» (cf. *A Nosa Terra* 75).

<sup>13</sup> Nas *Xornadas do Ensino*, mencionadas na nota anterior, foi distribuído entre os assistentes o opúsculo *Orientacións para a escrita do noso idioma*, pequeno prontuário que será divulgado em muitos cursos durante o ano académico 1979-1980, e passará a ser referencial para o semanário *A Nosa Terra*, definindo os alicerces do modelo normativo que passaria a ser conhecido popularmente como «os mínimos» (cf. Diaz Fouces, 2001).

<sup>14</sup> Em Setembro desse mesmo ano, a Conselharía de Educación da Junta da Galiza faz pública uma lista com os nomes dos membros de uma *Comisión de Lingüística*, criada para elaborar uma proposta normativa, que deveriam empregar os organismos autonómicos e, em geral, que daria resposta às necessidades que colocava o «Decreto de Bilinguismo». O boletim oficial da Junta da Galiza núm. 10, de Junho de 1980, publicou as normas aprovadas pela comissão, presidida por Ricardo Carvalho Calero, escritor e professor universitário, primeiro catedrático de galego da nossa história, principal teórico do Reintegracionismo. O relatório/proposta normativa caracterizava-se pelo seu carácter «liberal», deixando um bom número de escolhas aos utentes, de modo a permitir uma escrita com diferentes graus de proximidade com o resto do diassistema luso. As Normas da Comissão de Linguística, porém, resultaram efémeras. Uma das encomendas que o «Decreto de bilinguismo» atribuía à Comissão Mixta formada por membros da administração estatal e autonómica era a de autorizar os livros de texto e o material escolar para o ensino da Língua Galega. Acolhendo-se de jeito abusivo a essa circunstância, uma ‘Subcomissão de Programação de textos’ prepara logo a seguir uma nova proposta normativa, substancialmente diferente da que tinha elaborado a Comissão de Linguística, que será publicada no boletim da Junta núm. 15, de Dezembro de 1980. Em geral, as escolhas institucionais orientam-se agora, de forma mais que evidente, cara ao afastamento ortográfico do sistema luso-brasileiro (cf. Diaz Fouces, 2001).



com a dificultosa introdução da língua galega no ensino e com as barreiras que colocava o Decreto de bilingüismo<sup>15</sup>.

Neste contexto é constituída, ainda em 1981, a *Associação Galega da Língua*, AGAL, na que se vai integrar Manuel Maria. A AGAL nasce com o propósito declarado de conseguir uma substancial reintegração idiomática e cultural da língua galega (nomeadamente na sua manifestação escrita), na área linguística e cultural que lhe é própria, a galego-luso-africano-brasileira, bem como potenciar todo tipo de actividade que propenda para o objectivo da recuperação dos usos do galego, segundo os seus Estatutos. Enquanto com a AGAL e a posição reintegracionista coincide especialmente a AS-PG<sup>16</sup>, grupos políticos da esquerda nacionalista (PSG, EG, PG) fazem questão em dar prioridade a «Unha ortografía que foi usada polo povo», argumento que não convence Manuel Maria, apesar de ser um «poeta do povo», mesmo «labrego poeta», apesar de disciplinado militante da esquerda. E o autor publica os *Versos do lume e o vaga-lume* em inícios da década de oitenta [Fig. 15].

Enquanto uma parte dos sectores sociais mais comprometidos com a língua fica à procura de um acordo normativo que, segundo todos os indícios, começa a ter no Reintegracionismo o eixo vertebrador, os acontecimentos precipitam-se<sup>17</sup>, e aparecem as normas RAG-ILG, que vão ganhar imediatamente a condição de «oficiais»<sup>18</sup>. A AGAL, para além de dotar-se da revista *Agália*, edita um pormenorizado *Estudo crítico das «Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego»* (1983), em que analisa todos os pontos da Normativa

<sup>15</sup> Nos anos oitenta começa a haver recapitulação acerca da polémica ortográfica (Valdivia, 1982), e o debate impregna *A Nosa Terra*, o único periódico redigido integralmente em galego. Nesse semanário aparecem trabalhos importantes sobre o debate (na perspectiva reintegracionista os de A. Gil Hernández, por exemplo; a perspectiva contrária podemos achá-la a par em *La Voz de Galicia*, na série de artigos de Monteagudo e Fernández Rei; uma outra revista nascida na altura, *O Tempo e o Modo*, que só chegou a publicar um número, trata o tema da normativa e especifica que o idioma oficial da publicação é o galego-português). (cf. Diaz Fouces, 2001).

<sup>16</sup> Cf. relatório que publica *A Nosa Terra*, 192. Tinham decorrido o *I Encontro Nacional da Língua*, de 29 de Maio, e do *II Encontro Nacional sobre a situación lingüística*, Março de 1982, este dedicado monograficamente à normativa, convocados pela AS-PG (cf. Diaz Fouces, 2001).

<sup>17</sup> Será enviada aos membros da Real Academia Galega (18 de Junho de 1982) a convocatória de uma reunião extraordinária com um ponto único na ordem de trabalhos, «Estudo da ponencia sobre a unificación das normas ortográficas e morfológicas do galego, entre a Real Academia Galega e o Instituto da Língua Galega». A convocatória junta um rascunho, e o rogo de que «non pase aos medios de comunicación nin se lle dea publicidade mentras non teña lugar a Xunta Extraordinaria» (cf. *Temas de O Ensino* 4/5:158). Porém, a informação relativa à convocatória chega aos meios de comunicação, que tentam estar presentes, embora só se admita o acesso dos jornalistas de *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*, mas não os de *A Nosa Terra* (nos núms. 196-197, p. 5, afirma-se, literalmente, que a RAG pretendia a imposição de uma normativa «que fixese que o galego se acercase ao español para así ser máis facilmente asimilado por este, ao mesmo tempo que fuxia do seu tronco comun, o luso-brasileiro»). Em 1982 virá a lume a primeira edição das *Normas* conjuntas da RAG e do ILG, cânone *isolacionista* em que alicerça a estratégia do afastamento relativamente à Lusofonia (cf. Diaz Fouces, 2001).

<sup>18</sup> O DOG núm. 36, de 20 de Abril de 1983 inclui o Decreto 173/1982, de 17 de Novembro, «sobre a normativización da Língua Galega». No Dia das Letras de 1983 será distribuída uma brochura, a inaugurar a colecção de textos legais (e até o funcionamento) do *Servicio Central de Publicacións da Xunta de Galicia*. As normas RAG-ILG passam a ser obrigatórias para todos os centros escolares da Galiza em que tem competência a Junta (art. 4) e o seu uso será requisito indispensável para a aprovação de livros de texto e material didáctico (art. 5). O Decreto acaba de completar um quadro *iuslingüístico* na Galiza que inclui outros dois fundamentos: o Estatuto de Autonomia (LO 1/81, de 6 de Abril) e a Lei de Normalização Linguística (L 3/1983, de 15 de Junho), cujo artigo 1 dispunha que «*O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo*

RAG-ILG e que virá fornecer o suporte teórico para a própria articulação normativa (que apresentará em 1985 no seu *Prontuário ortográfico galego*): uma normativa substancialmente comum à luso-brasileira, possibilitando a intercomunicação escrita sem esforço suplementar, e que se mantém fiel à realidade histórica do galego. Nessa normativa e com publicação da AGAL se edita o livro de Manuel Maria, *A luz ressuscitada*, em 1984 [Fig. 16].

A aparição de mais colectivos reintegracionistas, o material didáctico, a presença em foros internacionais<sup>19</sup>, alinhou neste pensamento vultos destacados das Ciências da Linguagem e da Literatura, nomeadamente do âmbito lusófono. Um novo *Encontro Nacional sobre a normalización lingüística*<sup>20</sup> deu como primeiro resultado a constituição da *Mesa pola Normalización Lingüística* (de que faziam parte inicialmente as entidades citadas e o Colectivo de Professores de Língua e Literatura Galegas), e o «Manifesto por un acordo necesario»<sup>21</sup>, que defende a necessidade de rejeitar a representação gráfica espanholizada e iniciar um período de distensão para debater as necessidades reais da codificação da língua, precedente mais ambicioso da última revisão normativa de 2003, em que não participou o reintegracionismo. Pelo meio, alguma divisão provocada pelos Acordos ortográficos da própria Lusofonia, dividiram as estratégias entre adoptar um português padrão ou manter a linha do *Prontuário* da AGAL, identificando assim a sociedade galega mais devagar com a escrita lusófona. Nesse conturbado contexto, desde princípios dos anos oitenta do século passado, Manuel Maria adere claramente ao ponto de vista do reintegracionismo. Assim o manifesta ainda anos depois, criticando duramente a Academia:

–Entón valoras moito a postura de Carballo Calero.

–Eu coido que si. A de Carballo Calero e a de toda a Agal. Eu son socio de Agal e estou con eles. A min o que me parece inconcebible é a operación que fixeron coa ortografía galega. En primeiro lugar, xúntanse unha chea de filólogos para dar estas normas. Entendo que un idioma feito por filólogos é aberrante, porque teñen unha deformación profesional

---

*e o dereito de uso*». Esse dever de conhecimento atingirá todos os espanhóis com vizinhança administrativa em alguns dos concelhos galegos (cf. o art. 3). Porém, em Outubro de 1983 o Governo Central aceitou em parte a proposta de recurso perante o Tribunal Constitucional que enviou a Delegação do Governo na Galiza, recorrendo o **dever** de conhecimento. O Delegado do Governo na altura era, precisamente, a mesma pessoa que o Presidente da Real Academia Galega (cf. Diaz Fouces, 2001).


<sup>19</sup> Encontros e congressos promovidos pela *Associação Internacional de Lusitanistas, Escritores Luso-Galaicos, Associação Portuguesa de Linguística, Escola d'Estiu de Gandia, Congreso Mundial Vasco, Congrès Internacional de la Llengua Catalana, Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, etc.

<sup>20</sup> Convocado em Abril de 1986 pela *Asociación de Escritores en Lingua Galega*, a AS-PG, a Federação do associacionismo cultural e a AGAL; seriam convidados a assistir ainda profissionais do ensino, sindicatos e partidos políticos, o ILG, a RAG e as principais editoras galegas.

<sup>21</sup> De 15 de Maio de 1986, assinado por professores de 54 Liceus de Bacharelato, 31 de Formação Profissional, dois de Ensino Integrado, a Escola de Oficial de Idiomas e o Colégio Universitário da Corunha e as Escolas Universitárias de Formação do Professorado de Santiago de Compostela, Lugo e A Corunha. O Manifesto defende, em síntese, a necessidade de rejeitar as representações gráficas espanholizadas do Decreto 173/1982 e de iniciar um período de distensão para debater as necessidades reais da codificação da língua, longe das imposições vividas nos últimos anos.



[FIG. 15] CAPA DE *VERSOS DO LUME E O VAGA-LUME*, DE MANUEL MARIA, PUBLICADO EM 1982 EM ORTOGRAFIA REINTEGRADA, OURENSE, GALIZA EDITORA.



[FIG. 16] CAPA DE *A LUZ RESSUSCITADA*, DE MANUEL MARIA, PUBLICADO EM ORTOGRAFIA REINTEGRADA EM 1984, SANTIAGO DE COMPOSTELA, ASSOCIACOM GALEGA DA LINGUA.

que mete medo. No asunto do idioma penso que teñen moito que dicir os escritores, que son os que traballan con el. É dicir, que isto foi unha cousa de laboratorio. Pasóuselle á Real Academia Galega, que non é unha academia da lingua, aínda que o señor García Sabell e os seus muchachos queiran dar un golpe de man nese sentido. A Academia pretende non cubrir moitas prazas, para que non se meta ninguén que non sexa de Galaxia. Os galaxios xa non chegan para cubrir os postos. En consecuencia van reducir o número de académicos a vintecinco. Eu coído que debía ser ó contrario, porque canta máis xente puidese participar, mellor se farían as cousas. Por outro lado, na Academia está unha chea de xente que non ten nada que ver coa lingua, nin con nada. Hai uns señores que nin sequera escriben en galego, e impórtalles moi pouco. Este é o caso do señor José Luís Bugallal. Meixide Prado é un erudito que fai a maior parte das súas cousas en castelán. Hai unha bibliotecaria que só fixo dous folletos. Gil Merino, que eu saiba non ten publicado un só libro, nin fala galego porque é de Palencia. Marino Dónega é un avogado e tampouco se lle viu nada. Río Barxa é un xeógrafo... (Del Caño, 1990: 111)

Insistindo o entrevistador sobre a «utopia» do reintegracionismo, Manuel Maria recoloca a questão na sua justa formulação, tantas vezes adulterada do ponto de vista de quem pretende manter o afastamento entre o galego e o português:

–Eu só estou porque se escriba coa grafía do portugués, nada máis. Non estou por aportuguesar pronuncias e formas; entón sería mellor pasar ó portugués enteiramente. Pero coido que tampouco é iso o que queren. Tentan unha aproximación ó portugués, defendendo a identidade do galego. (Del Caño, 1990: 112)

**5.-** Quase finalmente, e sendo este o parecer e a trajectória de Manuel Maria – que consta coerente e convencida durante toda a sua vida –, perguntamo-nos até que ponto os dois livros *Versos do lume e o vaga-lume* e *A luz resuscitada*, que tinham sido anteriormente publicados em ortografia reintegracionista, até que ponto deviam passar a recolher-se, na mais recente edição completa da sua obra (Manuel Maria 2001), noutra ortografia que não fosse a reintegrada. Perguntamo-nos até que ponto a saúde e as capacidades de Manuel Maria poderiam contribuir, nessa altura, para realizar a nova edição «*baixo a supervisión atenta do autor*», e até que ponto se legitima um «*rigoroso exercicio de unificación lingüística dos textos, respectando en todo momento as escollas léxicas do poeta e as variantes ‘chairegas’ que, no plano afectivo, unen as formas da lingua empregada á terra que lles é propia*», segundo manifesta o seu editor, Miguel Anxo Fernán-Vello (Manuel Maria 2001: 8). Pretensas formas próprias, como a reposição «A penas *un pequeno mensaxe*» (*sic* no índice, no interior repara-se a forma feminina, II-146), ou «A *unhos* cornos de vacaloura» (II-149), ou «*Xardís*» (II-193), por referir só algum título de poemas retocados.

Manuel Maria, em última instância, poderia ter sido vítima de alguma inibição final quanto ao problema da língua e da sua ortografia, a mesma que alastrou no último quartel do século XX pela maioria dos escritores – ainda que por diversos motivos –, beneficiados da aparente abertura mercantil para a escrita isolacionista. Parecia que se podia inclusive olhar para outro lado, no relativo aos mecanismos de censura sobre a modalidade ortográfica de continuidade histórica, o lado das recompensas económicas e de reconhecimento social e literário. Manuel Maria não pertencia exactamente aos velhos mestres que padeceram centralmente a ditadura (Blanco-Amor, Dieste, Cunqueiro, Carvalho Calero, Jenaro Marinhas), e a sua geração foi a dos novos-maduros que participaram na recuperação dos anos 50/60. Estes terão sido talvez os menos formados, como o próprio Manuel Maria reconhece, e terão enfrentado outras prioridades, como as marcadamente políticas, para participar com efectividade na disputa ortográfica. Estavam até mais inabilitados do que os autores mais novos e numerosos, cuja estreia se dá nos anos 80/90, que acreditam maioritariamente terem nascido na abundância e que correm com energia à procura de um lugar ao sol, acalentados com o recente negócio editorial de que puxava o ensino. Toda a vaga inclinou velhos e jovens, todo o quadro aparentemente existente, e nele Manuel Maria e os seus editores finais –ainda que esse não é todo o quadro.



A história oficial foi dando aos aderentes à estratégia do afastamento entre galego e português espaço, algum prestígio social e até certos lucros ligados aos prémios e ao mercado subsidiado, em cuja cumplicidade se criou toda uma estrutura mercantil e académica confortável, instaurada no último quartel do século XX na Galiza. Esse é o quadro mais visível. A par dele tem subsistido a opinião e as práticas intelectuais, literárias e culturais contrárias, com colectivos empenhados em desenvolvê-la, que correspondem à estratégia genericamente conhecida como *reintegracionista*. É essa que ainda hoje chama a atenção sobre o compromisso de Manuel Maria com a Galiza. Porque no seu percurso se prova a importância do reencontro com Portugal e com a Lusofonia para a tomada de consciência Galeguista. A aproximação a este referente produziu-se por contacto geográfico e humano, por troca literária e publicação, por reconhecimento e assimilação das afinidades linguístico-culturais. Manuel Maria manterá esta posição inclusive quando dentro da Galiza se retira visibilidade ao referente lusófono, e quando até certo nacionalismo galego e todo o campo do poder sobre a língua se submetem a realizar uma reformulação dos moldes identitários galegos em termos isolados ou isolacionistas. Uma coincidência com os interesses do centralismo espanhol de que, por outra parte, já tinha advertido Carvalho Calero, essa figura altamente valorada por Manuel Maria.

## REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Céltica*. Porto: Escola Tipográfica da Oficiana de S. José (sem data). [4 exemplares sem numerar, com paginação correlativa].
- Defesa de Espinho*, 27/Janeiro/1994. Espinho.
- Del Caño, X. M. (1990). *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais
- Diaz Fouces, O. (2001). «Apontamentos sobre a socialização do Reintegracionismo». In *Agália* 67-68, 9-34.
- Estudo crítico das «Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego»* (1983). Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua.
- Guerra, O. (2002). *Escritos. Dois contos e alguns poemas*. Coordenação e selecção de Alexandra F. Ramos. Edição Jornal *A Voz de Azémeis*.
- Lapa, M. R. (1975). «A Galiza, o galego e Portugal». *Biblos*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- López-Iglésias Samartim, R. (2005). «Ideia de Língua e Vento Português na Galiza do Tardofranquismo: o caso de ‘Galaxia’». In *Agália* 83-84, 2º semestres. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua, 9-50.
- Loureiro, C. (2006). *O projecto de Rodrigues Lapa para a Galiza no tardofranquismo (1968-1975)*. Trabalho de Investigação Tutelado defendido na Faculdade de Filologia da USC (04-09-2006), inédito.

- Manuel María [Fernández Teixeira] (1957). «Auto do Taberneiro». *4 Ventos*. Nº 10, Braga.
- (1963). «La poesía de Manuel de Oliveira Guerra» (in «Letras Portuguesas»). *EL Progreso*. Lugo (15 de Outubro de 1963).
  - (1968). «Notícia da Vida e da Poesia de Xosé Crecente Vega». Separata de *Biblos*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
  - (1972a). «Noticia da poesía galega de posguerra». *Língua e Cultura*, volume II, nº 1. Lisboa.
  - (1972b). *Noventa e nove poemas (1950-1970)*. Porto: Razão Actual.
  - (1972c). *Odes num tempo de paz e de alegria* Porto: Razão Actual.
  - (1973). *Laio e cramor pola Bretaña*. Lisboa.
  - (1977). *Sonhos na gaiola*, arranjo de Arsénio Mota e António Cabral. Serviços Sociais dos trabalhadores da C. G. D. (versão do mesmo título de 1968).
  - (1982a). «Portugal». In *Nordés –Poesía e Crítica*, Abril, II data, nº 7. Edición do Castro, p. 13.
  - (1982b). *Versos do lume e o vaga-lume*. Ourense: Galiza Editora.
  - (1984). *A luz ressuscitada*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua.
  - (2001). *Obra poética completa*. Volume I (1950-1979) e Volume II (1981-2000). A Coruña: Espiral Maior.
- Montero Santalha, M. (1979). *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa*. Edição de autor.
- O Girassol* 10, Outubro de 1955. Sanatório Marítimo de Francelos.
- Valdivia, S. (1982). «A polémica da normativización. Breve historia dun desacordo». In *La Voz de Galicia*. 27 de Junho.
- Velozo, F. J. (2001). «A Galeguidade Portuguesa». In *Manuel María, libro homenaxe / organizado pola Asociación Cultural Xérmolos*; coordinado por Alfonso Blanco Torrado. Lugo: Ophiusa, 571-574.